

ASUNTO:ACTA ASE.EXTRA.27-12-16

FECHA DOCUMENTO:27/12/2016

ACTA DA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 27.12.2016

Nas dependencias da Federación Galega de Baloncesto en Santiago, se reúne a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 27.12.16 baixo a Presidencia de D. Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que o es da mesma D^a Susana Fernández Fiuza, coa asistencia dos membros relacionados o final da presente, dando comenzo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Reconto dos membros presentes.

2º.- Aprobación do Orzamento 2017

Abre a sesión o Presidente en segunda convocatoria dando por constituída a mesma sendo ás 18.00 horas. Agradece a todos os presentes a súa presenza e pásase ao primeiro punto na orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 6 asembleístas, e informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

Tamén informa que en cumprimento do Artigo 61 apartado 4 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas terán que aprobar en asemblea e durante o derradeiro trimestre do seu exercicio económico o orzamento correspondente ao seguinte exercicio.

2. Aprobación do Orzamento 2017

O Tesoureiro explica aos existentes en que van a consistir os orzamentos de ingresos e gastos de cara a o ano 2017, facendo unha valoración pormenorizada do mesmo.

Comunica que se van a seguir recortando os gastos, tal e como se fixo no exercicio do 2016 e tamén fai fincapé na dificultade de encontrar ingresos económicos privados, o que dificulta levar a cabo o total das actividades que desexamos.

Fai unha explicación do apartado “ Outros Ingresos de Explotación” no conferinte as Subvencións da Xunta de Galicia que se dividen na subvención ordinaria e na dos arbitrxes do Xogade.

Indica que se vai procurar levar a cabo as actividades xa programadas, así mesmo confirma que está previsto que se nivelen os gastos e ingresos sen que se produza quebranto algún para a Federación.

Procédese á votación do orzamento para o exercicio 2017 co seguinte resultado:

Votos a favor: 6

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0

Queda aprobado o orzamento para o exercicio 2017.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 18.35 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

Relación de Asistentes

E.D.M. Estradense (José L. Renda Bellet)
C.B. Condado (Gonzalo Seijo Rodríguez)
Obradoiro CAB (Miguel A. Fernández Rodríguez)
C.B. Cluny (José M. Castelao Figueiras)
David Guillán Riveiro (Arbitros)
Francisco Martín Micó (Presidente)